

Casa-Museo espacio cultural

Xulia Santiso Rolán

(CONSERVADORA DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN)

Despois de considerar o texto anterior, afirmámonos na nosa actitude de reivindicar a Casa como un espazo cultural, na procura dunha vinculación coa comunidade e dunha efectiva integración na vida cultural da zona. Sabemos que esa é unha das nosas “fortalezas”; ao funcionar como nexo activo entre o pasado e o presente, empregando os mesmos modos que na presentación museográfica, onde xa incorporamos espazos actuais ao carón dos históricos.

Cada vez que os participantes dalgunha das actividades ocupan a sala III, onde se amosa o traballo de Emilia Pardo Bazán, estase a difundir a súa figura e o museo funciona como a institución que é; ofrecendo á cidadanía un lugar rico en lecturas e de uso cómodo, onde se agarime a parte sensible e intelectual dos seus visitantes.

Segundo análises levadas a cabo este ano, coñecemos e aceptamos a nosa situación real no tempo e no espazo que nos toca vivir. O *Mapa Cultural de Galicia*¹ coloca á Coruña entre as 3 primeiras que ofertan ocio cultural de calidade, e por conseguinte, sabemos que non podemos competir, nin nós nin moitos dos 72 museos censados en Galicia, coa oferta das grandes fundacións e demais entidades privadas, onde magníficas salas de exposicións con mostras cando menos interesantes compiten, e gañan, en número de visitas que proveñen da pequena porcentaxe de disfrutadores de ocio cultural. A este respecto, na *Encuesta de hábitos y prácticas culturales en España 2002-2003*² anótase que os museos somos visitados, polo menos una vez ao ano, polo 27,4 % dos entrevistados (no ano 2005 o número incrementouse ata o 37,1 %) e deles, o 11,8 % visítannos 2,4 veces ao trimestre.

Este coñecemento do propio é o motivo polo que, no noso caso, fuximos dunha oferta que por outro lado é case clónica e, partindo do que temos, -a casa dun autor-, pretendemos en principio dar cabida a actividades case

¹ *Mapa Cultural de Galicia. III Enquisa sobre hábitos culturais dos galegos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 1991, 172.

² <http://www.mcu.es/estadisticas/>

domésticas; participativas, íntimas e entretidas, cun enfoque plenamente sociocultural.

Pensamos tamén nas estratexias de comunicación, que na maioría dos espazos culturais analizados teñen como obxectivo a obtención de reseñas/ cobertura mediática nos principais medios de comunicación (prensa escrita, radio e televisión). Este modelo ten como base a creación dunha canle unidireccional de publicación de información do museo (notas e roldas de prensa, etc.) que esperan a súa publicación co fin de chegar aos seus públicos obxectivos propoñendo campañas de carácter case institucional; nós, quizáis pola mesma imposibilidade de competir, centrámolo no público e na comunicación intrínseca entre el mesmo. Ademais, aplicando métodos de publicidade case alleos ás nosas institucións, buscamos a comunicación directa cos posibles participantes das nosas actividades por medio do correo levado en man, na zona próxima á nosa institución, ou con follas voandeiras repartidas en lugares onde a circulación de cidadáns sexa similar aos participantes das nosas actividades, como feiras do libro, “rastrillos” e nas proximidades de entidades de xestión de ocio cultural: salas de exposicións, bibliotecas, museos, etc.

Por esta mesma actividade, poida que esteamos xa no punto dous dos retos estratéxicos dos museos citados máis arriba por Verónica Crespo: aínda que o noso museo é moi novo, ten xa unha misión e unha identidade formalmente comunicadas en diferentes foros; ambas as dúas, seguramente, non consolidadas e seguramente receptoras aínda de cambios e adaptacións ou definicións máis certeiras. O que si é certo é que a nosa “maneira” resulta atractiva para a sociedade que goza co ocio cultural, quizais porque nós tamén o facemos.

Dentro desta precariedade temporal, réstanos atraer recursos financeiros suficientes para levar a cabo unha parte dos nosos proxectos, neste senso podemos dicir que neste último ano as nosas xestións con diferentes institucións públicas e privadas tiveron certo éxito: ademais da achega anual do Ministerio de Cultura ao amparo das liñas de axudas a colectivos a través da Dirección General de Cooperación Cultural, que este ano se duplicou, tamén recibimos certo apoio económico do Concello da Coruña, e, a si mesmo, da Asociación da Prensa da Coruña; dende aquí agradecemoslle a súa colaboración.

Comezamos agora a repasar as actuacións nos tres campos de atención onde é a nosa responsabilidade buscar e acadar sempre un equilibrio.

PATRIMONIO

O patrimonio material da Casa foi o protagonista de etapas anteriores, ata tal punto que as súas necesidades actuais son mínimas. Tanto as pezas como o deseño expositivo segue a ser obxecto de aprobación polos que nos visitan, e ambos os dous son tratados con agarimo polo personal do museo, por iso neste momento nos ocupamos en maior medida desoutro patrimonio, o inmaterial, que concibimos como o vínculo arredor do que a comunidade se debe reunir.

Neste período, tanto o ingreso como a documentación e a conservación de pezas, mantívose na mesma dinámica estable que o ano pasado. Unicamente salienta a necesaria intervención e restauración de dous mobles e, tras a súa análise técnica, o informe favorable para a aprobar a solicitude de renovación de catro depósitos: na exposición “solaina de educadores galegos”, do Museo Pedagóxico de Galicia; no espazo histórico do Castelo de Santa Cruz do Concello de Oleiros; no Museo Militar e no pazo de Capitanía da Coruña. Desta maneira, e xunto coas pezas que exhibe o Museo de Belas Artes, a presenza de Emilia Pardo Bazán en institucións museais da nosa cidade é o suficientemente contundente para promover a atención sobre a nosa autora, e nós beneficiámos indirectamente das visitas a estes centros.

Así mesmo tamén participamos, ao igual que outros museos de Galicia, na exposición “Actividades e recursos educativos nos museos de Galicia”, organizada por Nova Escola Galega e patrocinada pola Xunta de Galicia que tivo lugar no mes de novembro no Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela. Como o seu título indica acudimos a ela co material didáctico do noso centro.

Por outro lado, neste último ano, desenrolamos o uso da polivalente sala III, o que leva implícito un respecto rigoroso sobre as salas históricas que amosan a natureza da escritora. Deste xeito podemos levar a cabo o noso obxectivo de acadar unha comunidade participativa e podemos continuar a non conformarnos coa función de posuír, conservar e mostrar poñendo en funcionamento intervencións que non alteren en absoluto a delicada colección pardobazanianana.

COMUNIDADE

Dende a Casa estamos sempre atentos a detectar as actuacións nas que a sociedade pode precisar a nosa presenza. En aras desta comunidade e dentro do noso alcance, elaboramos distintas actividades no interior da institución, onde traballamos na tarefa de anfitrións e recibimos como resposta un aumento continuo de visitas.

O labor pedagóxico e cultural a exercer foi o campo de traballo onde se centraron moitos dos esforzos. En xeral mantivéronse e melloráronse os distintos programas abertos.

Programa educativo

O balance reflectido polas nosas enquisas co profesorado que participou directamente coa Casa impulsounos a seguir traballando na mesma dirección, tamén foi estimulante o resumo da avaliación no programa educativo municipal “descubrir Coruña”, no que temos recibido unha das mellores cualificacións pola calidade da atención pedagóxica prestada nas visitas escolares. As enquisas de avaliación realizadas polos titores destes grupos indican unha valoración media superior a 4,5 sobre 5 para aspectos tales como “sintonía coa programación curricular dos centros”, “contribución á mellor comprensión da exposición” ou “ampliación do alcance temático”.

Estes datos constátanse se se analizan as listaxes dos Centros Educativos que viñeron á Casa – Museo dende o curso escolar 2004-2005:

CURSO ESCOLAR 2004 - 2005	
Setembro	12/9/04 IES María Casares (Oleiros) 2º Bach.
Outubro	13/10/04 IES Agra I 4º ESO 15/10/04 CEIP Emilia Pardo Bazán 18/10/04 IES María Casares (Oleiros) 2º Bach.
Novembro	8/11/04 IES Agra I 4º ESO 12/11/04 IES Agra II 4º ESO 30/11/04 Salesianos A.P.A.
Decembro	12/12/04 Colexio Miraflores (Oleiros)
Febreiro	1/ 2/ 05 IES Ramón Menendez Pidal 3º ESO 3/ 2/ 05 IES Ramón Menendez Pidal 3º ESO 10/2/05 IES Ramón Menendez Pidal 3º ESO 15/2/05 IES Ramón Menendez Pidal 3º ESO 17/2/05 IES Ramón Otero Pedrayo 4º ESO 21/2/05 IES Ánxel Casal 1º ESO 23/2/05 IES Ánxel Casal 1º ESO 28/2/05 IES Ánxel Casal 1º ESO

Marzo	2/3/05 IES Ánxel Casal 1º ESO 10/3/ 05 IES Monelos 4º ESO 15/3/ 05 IES Monelos 4º ESO 17/3/05 IES Monelos 4º ESO IES Manuel Murguía (Arteixo) 4º ESO 18/3/05 CEIP Emilia Pardo Bazán 29/3/05 IES A Piringalla (Lugo) 3º ESO.
Abril	3/5/05 IES Adormideras 1º ESO 5/5/05 IES Adormideras 1º ESO 19/5/05 Colexio Franciscanas 24/5/05 Colexio Franciscanas 26/5/05 Colexio Franciscanas
Xuño	29/6/05 Asociación Cultural Labañou

CURSO ESCOLAR 2005 - 2006	
Outubro	7/11/05 IES Paseo Das Pontes 4º ESO 8/11/05 IES Paseo Das Pontes 4º ESO 9/12/05 IES Sabón 2º Bach.
Xaneiro	Martes 17: IES Monelos 4ªA Mércores 18: Centro da 3ª Idade Caixa Galicia Xoves 19: IES Monelos. 4º ESO Grupo Lectura Caixa Galicia
Febreiro	Xoves 2: IES Ramón Menéndez Pidal. 3º ESO Xoves 9: IES Ramón Menéndez Pidal. 3º ESO Martes 14: IES Ramón Menéndez Pidal. 3º ESO Mércores 15: Club Financiero Xoves16: Club Financiero. Martes 21: Clube de Lectores Montealto.
Marzo	Martes 7: IES Ramón Otero Pedrayo 4º ESO Xoves 9: IES Blanco Amor (Culleredo) 4ºESO Martes 14: IES Concepción Arenal Ferrol.Bach. Mércores 15: CEIP Montel Touzet 5º Primaria. CEIP Montel Touzet. 6º Primaria. Venres 17: IES Constantino Marco (Coristanco) 4º.ESO. Martes 21: IES Concepción Arenal. (Ferrol). Bach.

Abril	Martes 4: IES Burela (Lugo) 1º Bach. Xoves 27: IES Paseo das Pontes 4º ESO.
Mayo	Martes 2: IES Paseo das Pontes 4º ESO Mércores 3: IES Adormideras 1º ESO. Venres 5: IES Adormideras 1º ESO. Xoves 25: IES Vilanova de Arousa 1º Bach.
Xuño	Venres 13: IES Monte das Moas. 1º Bach.

Este curso establecéronse e reforzáronse as canles de actuación e diálogo que existen cos centros de educación ao presentármonos como a ferramenta axeitada para actuar de complemento e catalizar unha aprendizaxe non formal pero enriquecedora para ambas as dúas institucións; xa que o museo, vese obrigado a analizar e actualizar constantemente o seu discurso.

É importante salientar a relación que establemceemos co centro AGAES (Asociación Gallega de Escuelas de Español), institución que naceu, coma nós, no ano 2003 a partir da iniciativa dalgúns centros escolares, co obxectivo de determinar a calidade de estancias formativas e viaxes lingüísticas en Galicia. A achega da Casa-Museo, pola súa base literaria, amosouse moi positiva e determinou o establecemento de relacións no futuro.

En xeral, e aproveitando a singularidade que achega o cambio de escenario, que no noso caso é “cuasi” auténtico, asumimos a nosa responsabilidade de “tradutor á práctica”, de espazo aplicador e consolidador do aprendido na aula, intentando aproximar as materias que poden axudar a comprender a Emilia Pardo Bazán, coa axuda interdisciplinar que tanto a súa figura como o contexto histórico e cultural no que a escritora viviu poida achegar.

E sempre aplicando o pasado na procura de valores de aproximación co actual. Por iso traballamos cos factores artísticos e sobre todo literarios (dende o romanticismo ata a literatura actual), cos sociolóxicos (a posición da muller na historia) e cos históricos, facendo de “Marineda” o espazo onde teñen aplicación os sucesos e as transformacións xerais, intentando aplicar e integrar no actual a historia de algo tan próximo como a nosa cidade.

A metodoloxía baséase sobre todo en actividades lúdicas, suficientemente motivadoras para provocar nos participantes a construción ou reconstrución de conceptos académicos ou intelectivos relacionados coa figura de Pardo Bazán en particular e coa cultura en xeral, por suposto, sen perder de vista os currículos escolares de cada ciclo, seleccionando contidos, procedementos e actitudes acordes cos coñecementos previos dos visitantes e potenciando o

papel fundamental do monitor xa que a súa profesionalidade é o garante para que a experiencia sexa rendible: guiando os visitantes, medindo os tempos, pescudando, cuestionando, estimulando, interpretando e facendo os axustes necesarios para optimizar a aprendizaxe, xa non dos contidos, senón de actitudes e valores imprescindibles e potenciadores dunha experiencia positiva.

Así, na nosa tarefa de consolidación das actividades que realmente teñen un resultado positivo, este ano publicamos o material de apoio que facilitará o traballo nas seguintes visitas:

Unha muller na historia.

Preparada para poñela en práctica co segundo ciclo de Primaria, Secundaria e Bacharelato, nela analízase a situación da muller en dúas vertentes:

- Na súa faceta social, presentada dunha maneira neutra, aceptando a realidade sen posturas feministas e provocando a postura do alumnado ao poñer en práctica a situación feminina nos rapaces, xa que son “eles” os que serán tratados de xeito “diferente”.
- No plano cultural, xa que se analiza o tema segundo o presentan os distintos estilos artísticos, que por suposto tamén se reflicten no literario, e razónanse de xeito activo os presupostos que determinaron as orixes e a evolución do romanticismo, do realismo-naturalismo, do “noventaechismo”, do modernismo... baseándonos para isto en referentes visuais imprescindibles (películas de cine) e en lecturas curtas de autores recoñecidos, dende Bécquer a Rubén Darío, chegando ata autores contemporáneos. Todos eles aparecen nun pequeno e fermoso caderno de lectura onde os alumnos/as tamén escriben achegando as súas impresións positivas ou negativas con respecto ao tema a tratar.

Marineda

Preparada para os niveis de Secundaria e Bacharelato. En especial, para os grupos que teñan lido *La Tribuna* ou algunha obra “marinedina” de Pardo Bazán.

Os obxectivos didácticos comprenden, en xeral, mellorar na práctica a competencia lingüística dos alumnos e alumnas así como facilitar a reflexión sobre temas históricos, sociais, literarios e culturais, que nos resultan próximos por ser da nosa cidade, empregando para iso o vocabulario correcto. En particular, perséguese coñecer a figura humana e intelectual de Emilia Pardo Bazán.

Incidindo na tipoloxía de museo monográfico, esta visita xira tamén arredor da “exposición dun tema”, neste caso a produción literaria do século XIX

incidindo en especial na de Pardo Bazán, e na “análise crítica das obras”: tipoloxía da narración, trama argumental (feitos, lugar e tempo), procedementos narrativos, análise da obra como documento testemuñal, presenza do narrador, modalización, etc.

A comparación entre a Marinada do século XIX e a do XXI faise a modo de epílogo ou recapitulación, empregando como soporte a reedición de postais antigas de lugares ou situacións emblemáticas da cidade, que os alumnos/as deben recoñecer e dedicarlle a alguén.

Con respecto a estas edicións, todas elas teñen a súa base na lectura, de aí o nome xeral que as aglutina: **Cultura con.texto.**

Á edición precédelle un período de proba onde teñen lugar os cambios pertinentes, por iso no momento de entrar na imprenta o tema máis importante é o do deseño. Un dos nosos parámetros é que a imaxe se debe coidar sempre, informativa e publicitariamente, e sempre debe ir cara á actualidade incluso cando se deconstrúe co xogo decandente do historicista. A coherencia visual que ten como propósito reforzar as mensaxes é fundamental e iso xa quedou claro nas dúas condicións iniciais de musealización; a elegancia e síntese en formas e contidos.



Programa sociocultural

- Os xoves da rúa Tabernas

Trátase esta dunha actividade xa consolidada, despois de tres anos de existencia, o primeiro xoves de cada mes continúa a asistir á tertulia un número nunca inferior a 15 participantes e en moitas ocasións superior a 35.

Este ano dedicámoslle o primeiro dos xoves, tras o período estival, á figura de Pardo Bazán, o feito de querer difundila lévanos a analizar non tanto a súa produción literaria (recollida xa nesta revista e no simposio anual) como a presentar a súa faceta humana, a modo de biografía, incidindo na súa vida pública (relacións sociais e profesionais) e nos seus territorios privados, quizais determinantes dos seus posicionamentos intelectuais.



- Día internacional dos museos. 18 de maio

Tras o éxito desta celebración na que nos incorporamos a “a noite dos museos” proposta dende o ICOM e que as fotografías reflicten, escribimos este texto, que foi publicado en diferentes xornais e que resume fielmente o que significou ese día.

O pasado 18 de maio, o número 11 da tranquila rúa Tabernas encheuse dun balbordo inusual. A nobre casa de Emilia Pardo Bazán, hoxe sede tamén da Real Academia Galega, acollía a celebración do Día Internacional dos Museos coas súas portas abertas ata a media noite. Unha sonora ledicia de mozos coruñeses, enrolados nas distintas facetas das artes (danza contemporánea, teatro, música, contacontos...) ocuparon as estancias do Museo para deleitarnos e para impregnar de esencias artísticas os seus aposentos do museo.

A experiencia, por ser nova na nosa casa, deixou a impronta dun novo enfoque de achegamento ao espazo dunha escritora que tamén soubo estar atenta á realidade social e cultural do seu tempo.

O fluír dos visitantes a horas tan intempestivas, cheos de curiosidade e interese, premiou o esforzo de elaborar un programa tan variado e fíxonos pensar no traballo gustoso que nos queda. Acadar a achega de público ou de participantes ao Museo ben merece redobrar esforzos.

Quixeramos agradecerlles a todos os que contribuíron para que o día sinalado como homenaxe dos museos fora un éxito, pola súa desinteresada participación; á Escola Municipal de Música, á Agrupación Alexandre Bóveda, ao Conservatorio de danza da Deputación da Coruña, ao señor Ramiro Neira, a María Inés Cuadrado, a Gari, a Nelson Quinteiro e a Manuel Clavijo. E ao público asistente, que superou amplamente os catrocentos visitantes, recoñecerlle dende aquí a resposta á nosa chamada. A súa achega supuxo o éxito da nosa convocatoria, e fará que se convertan nos mellores voceiros deste patrimonio monumental e creativo que ten a cidade da Coruña.

Foi unha sorpresa a repercusión e o eco co que premiaron o noso esforzo e a chamada a participar cun pequeno museo, repleto por unhas horas de visitantes participativos, inquietos e motivados.

Non nos vai faltar ilusión e entusiasmo, despois desta experiencia, para traballar cara á participación de todos no noso museo, vivo e activo para os tempos actuais, sentido e aberto para todos os coruñeses.



MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS. MUSEOS: LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS.

Casa-Museo  EMILIA PARDO BAZÁN
18 de maio
DIA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

TERRITORIO

Trátase neste apartado de analizar as actividades cara ao exterior, de poñer en práctica os exercicios de presenza necesarios para deixar constancia da nova imaxe da institución por un lado e para comunicar as experiencias profesionais que nos trouxeron ata onde estamos por outro.

- **Doazón de libros e folletos**, en xeral relevantes para o coñecemento da escritora, a diferentes institucións, agradecendo o interese manifestado pola difusión da súa figura. Os destinatarios foron centros que celebraban semanas culturais, ou que inauguraban aulas co nome de Pardo Bazán, ou colexios que levan o seu nome e celebraban algún tipo de aniversario ou sinxelamente para as bibliotecas escolares que o pediron. Contestámoslle tamén ó Centro da terceira idade de Galicia en Candem Square de Londres.

- Ademais de asesorar a diferentes persoeiros nalgún texto sobre a escritora, e de participar como xurado dos “Xogos Florais María Pita 2006” onde se presentou a certame literario un texto lírico co lema “O cisne de Marineda”, na Casa-Museo demos resposta tamén a un bo número de **dúbdidas diversas** emitidas dende os lugares máis diversos -Italia, Alemaña ou Ecuador, ademais do territorio español- e recibidas por correo ordinario ou electrónico. Hai que dicir que neste senso, resultou moi efectiva a páxina web de ACAMFE, dende a que recibimos un bo número de consultas.

- Ao mesmo rexistro que nos leva a traballar para satisfacer o maior número de usuarios, e por suposto, a facilitar o labor dos que traballan nesta liña, concitou a laboriosa resposta de todos os departamentos da Real Academia Galega ao equipo técnico de TVE que veu gravar o programa correspondente a Emilia Pardo Bazán da espléndida serie “Mujeres en la historia”, neste momento na súa fase de montaxe.

- Tamén de Madrid nos chegou a petición de asesoramento sobre o texto das placas que están colocadas nas vivendas da escritora na capital. Coa colaboración de Carlos Dorado, director da Hemeroteca Municipal de Madrid, verificamos e contestamos con estes dous textos:

Na vivenda da rúa San Bernardo n.º 35

En esta casa vivió desde 1890 hasta 1915
EMILIA PARDO BAZÁN
(1851-1921)

En ella realizó una parte importante de su obra literaria
y en sus salones recibió a destacadas personalidades
de la sociedad de su época

Na rúa Princesa, 27.

Aquí estuvo la casa donde vivió y falleció desde 1915 hasta 1921

EMILIA PARDO BAZÁN

(1851-1921)

Activa intelectual y fecunda escritora gallega, defensora de los
derechos y la libertad de las mujeres

O noso interese na colaboración, comunicación e intercambio cultural fixo que esta faceta de **cooperación con outras institucións** se entendese como algo indispensable, ese foi o motivo da colaboración en:

- Documentación, control de textos e control da **edición da *Guía de rutas literarias de ACAMFE***.

A Asociación levou a cabo a publicación desta guía, co financiamento da Dirección General de Cooperación Cultural, do Ministerio de Cultura, para dar a coñecer o acervo cultural que atesouran e irradian as Casas dos escritores, pero sobre todo, para dar a coñecer a presenza deses escritores –ou a súa produción literaria- sobre algún espazo preto ao que se ubican as institucións. O obxectivo foi ofrecer ao visitante unha nova e atractiva proposta de ocio cultural que o estimule a levar a cabo unha aproximación ás nosas entidades cunha nova ollada, favorecendo así, coa súa presenza, a conservación dun patrimonio que tamén é seu.

- Participación no **I Congreso sobre “Casas Museo. Museología y gestión”** celebrado na Casa de América de Madrid, co patrocinio do Ministerio de Cultura e organizado polo Museo Romántico entre os días 21 e 24 de febreiro de 2006. A conferencia que se leu versou en xeral sobre as directrices nas que se xestou ACAMFE, a súa historia e os obxectivos aceptados e editados nos seus estatutos. Nun segundo punto, aludiuse a todas e cada unha das institucións asociadas en base a un percorrido xeográfico, apuntando á nosa ampla variedade de xestión, aos fondos que posuímos e aos servizos e actividades que levamos a cabo. Nun terceiro punto falouse sobre as actuacións en diversos foros, a colaboración con entidades como ICOM, FESABID, AEF, a “Federation des maisons d’écrivain et des patrimoines littéraires”, diversas asociacións portuguesas, etc, as publicacións que se levaron a cabo e as formas de achegamento e colaboración coas institucións públicas. En termos xerais e como conclusión, resultou evidente que ACAMFE é un colectivo que representa con dignidade o patrimonio literario español.

Posteriormente á intervención, esta foi solicitada para publicala, xunto coas demais, nas actas das xornadas.

- Para acadar o necesario equilibrio entre as partes, a Casa-Museo fixo a solicitude formal de **incorporación ao Consello Galego de Museos**, que lle foi concedida.

Co gallo desa incorporación, participou nas xornadas do **IX Coloquio Galego de Museos** que levou por título **“Museos, espazo, discurso”** e que se celebrou no museo provincial de Lugo os días 28, 29 e 30 de outubro de 2006. Alí presentamos os traballos que derivaron na inauguración e xestión da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

- No tema dos **convenios de colaboración** con centros universitarios, dicir que se mantén o convenio coa **Escola de Novas Profesións**, dende a que cada ano son seleccionados dous alumnos que ademais de exercer funcións profesionais, incorporan o seu bagaxe académico e axúdanos a analizar o museo dende a necesaria perspectiva da xestión turística.

Anunciar así mesmo que está practicamente acadado un novo e interesante convenio de colaboración coa **Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña** co que conseguiremos imbricar ao fin a nosa institución con outra que por definición debe participar dela. Nas futuras actuacións poderemos coñecer as necesidades socioculturais do seu alumnado -tema que nos parece moi interesante dende hai tempo- e á súa vez dará resposta ás necesidades que o museo poida ter sobre a natureza literaria de Pardo Bazán. A colaboración lévase a cabo co departamento de Filoloxía Española e Latina, e tomou forma grazas ó interese e a vontade da profesora Olivia Rodríguez González, que será a coordinadora do programa. Participan nel, así mesmo, a vicedecana de Extensión Cultural, Begoña Crespo, e o director do departamento Ignacio Pérez Pascual. Destinarase a alumnos e alumnas da especialidade de Hispánicas e os dous alumnos elixidos realizarán como mínimo 100 horas de prácticas, equivalentes a un crédito de libre configuración.

- Nesta mesma universidade, e tras a nosa participación do ano pasado, continuamos a colaborar esta vez, **V Congreso Internacional de Literatura Española Contemporánea**, baixo a coordinación de Fidel López Criado, da Universidade da Coruña e co título **“A literatura e a relixión”**. A colaboradora desta Casa, Patricia Amil Edreira, leu unha conferencia que analizaba a complexidade do tema relixioso na nosa escritora.

- Co gallo do aniversario do nacemento de Pardo Bazán, leuse outra conferencia no foro de Caixa Galicia na Coruña, servíu de base para convertela noutras conferencias didácticas ofrecidas en diferentes centros educativos.

Todas elas teñen a mesma intención: iluminar o personaxe de maneira que quede claro o seu polifacetismo. Non se trata de cambiar a súa imaxe para facela máis axeitada, trátase de iluminar todas as súas facetas. Preséntase un intelectual galego nacido nesta cidade, un personaxe que foi protagonista da súa época, cunha vida rica e plena. Unha personalidade con selos distintivos; docto, científico, teórico e práctico, investigador e divulgador, culto e cultivado, letrado, estudoso, laborioso, perfeccionista, instruído; avanzado e reaccionario ao mesmo tempo, polémico ao fin. Este ser ilustre ten engadido un trazo diferenciador e determinante; este intelectual coruñés, autor de 60 monografías, de máis de 600 contos, de 2000 artigos de prensa, de conferencias, de ensaios, autor dunha revista de crítica literaria, este personaxe, en fin, foi unha muller.

- Participación no programa “Biblioteca Galega” de Radio Voz.

No espazo de que dispuxemos, 12 minutos semanais durante oito semanas, intentamos acadar que os oíntes coñecesen realmente o traballo da escritora, que soberan dunha produción e dunha vida que, despois dun coñecemento certo, non os defraudaría.

Cada unha das colaboracións estivo presentada por unha muller: Marina Mayoral, Ana María Freire, Eva Acosta, Olivia Rodríguez, e eu mesma, e baseábase nun conto seleccionado libremente por cada unha, coa condición inicial de que ese mesmo conto (a súa temática ou a súa construción) debería referirse e contestar a algún dos estereotipos aceptados comunmente, (ao seu forte carácter opónse a súa delicadeza e sensibilidade, contra o seu exclusivismo á unha clase social falouse da súa permeabilidade ás outras clases, a hispanista rexeitadora do galeguismo enfrontábase á coñecedora exacta da cultura galega...) para chegar á conclusión de que o carácter da escritora non admite clasificacións pacatas. Porque se trata dun personaxe moito máis complexo, e máis rico.

Tras a invitación de Manuel Rodríguez a colaborar co programa, seleccionouse o xénero contístico porque estes eran para Pardo Bazán o vehículo idóneo para transmitir e provocar a un público ao que podía chegar con facilidade; porque participan dese carácter híbrido entre artigo periodístico e ficción literaria que é onde radica a súa gran forza; e porque, pola diversidade de temas e motivos permite ir máis aló do ámbito literario e lingüístico; Os contos de Pardo Bazán son perfectos para introducírmonos na análise de valores e actitudes sociais aínda contemporáneos xa que ofrecen a posibilidade de recoñecelos e reflexionar sobre eles. Por iso o último participante desta actividade foi un centro escolar, en particular, o IES

Adormideras da Coruña, un dos centros que incluíron dende o principio a visita a esta Casa no seu plan de actividades anuais.

- Outra das intervencións que quixeramos manter como un costume da Casa-Museo é o **texto de nadal**. Con el queremos compartir cos nosos usuarios unhas liñas onde se aúne o labor crítico e o goce da creación literaria, nesta ocasión tivo modos xornalísticos, especialmente a concreción e amenidade, que a nosa escritora utilizaba con mestría neses “espazos vivos” que eran os seus artigos de prensa. O texto deste ano 2006 foi o resultado da convocatoria do premio de xornalismo “Alejandro Pérez Lugín” de 2001, da Asociación da Prensa da Coruña -que galardoa “traballos literarios ensalzando a Galicia”- convocou a súa LXII edición convertendo en protagonista a Emilia Pardo Bazán. O seu merecido gañador foi o xornalista Guillermo Pardo.

Con todo o referido máis arriba queda clara a nosa intención converter a Casa-Museo nun referente cultural da cidade no que teñan lugar presentacións de libros -a Editorial Baía fixo uso das nosas instalacións- de música, de danzas, de concursos artísticos, de encontros. En definitiva queremos propoñela, como nome propio e cun criterio de calidade e interese, ás tan variadas manifestacións culturais que se poidan presentar no noso contorno.

Consideramos que un museo debe trascender o obxectivo de expoñer. Ten que presentarse como un espazo comunicador e como un axente educador. O xeito de cumprir con estas premisas non pode ser outro que facéndose permeable á sociedade e abríndolle as súas portas.

Esperamos seguir tendo a forza e a vontade para levalo a cabo.

